

## Historia de desenvolvemento da Parroquia de Narahío (San Sadurniño)

Chego a esta parroquia o día primeiro de Xuño do ano 1,968.

Encóntrome que a techumbre do templo parroquial amenza ruínas, na casa Rectoral estase afundir o piso que hai que apuntalar, traio un televisor da parroquia onde estiven pero aquí non se ve a televisión.

Veño dunha parroquia comunicada pero aquí hai máis incomunicación, porque aínda que a estrada Ferrol-Rábade atravesaba unha parte da parroquia, dado o accidentado da mesma atópase en difícil acceso. Só unha pista de tres metros de ancho, que se fixo con moito esforzo, unía a Igrexa coa estrada xeral en Liñares (Anca).

Por esta falta de comunicación entre os distintos lugares da parroquia estaba dividida en grupos, sendo no fondo da mesma onde había (e hai) persoas que buscan a preponderancia sobre os demais, e isto moitas veces non con fines que contribuían á unión e progreso senón todo o contrario.

### MOTIVOS PARA COMEZAR A FACER ALGUNHAS VIAS DE COMUNICACIÓN

Foi a primeiros do mes de Abril do ano 1,969. Dirixíame a escola (entón da Vida) para facer unha visita os rapaces, e atópome nunha ponte da Ferrería a Florentino Pita, con outros dous homes, que estaban preparando un pouco o camiño para ver si unha carroceta lle chegaba a casa con material de construción. "Senón teño que tiralo aquí e transporta-lo a carretas," me dí. Comentamos un pouco sobre a gran necesidade de facer vías de comunicación, e logo lles dixen: ¿Non nos poñeremos de acordo para traer unha máquina, e abrir sequera este camiño desde a Longra ata o Eirexado?. E responderonme, pola nosa parte sí. Pois eu tamén estou disposto a axudar-lles dixen. Pois entón non traballamos máis. Colleron a ferramenta e foróuse para a casa.

Outro feito que me comoveu, aconteceu día 2 de Xullo do ano 69, era o enterro dos restos mortais de Sr. Antonio Monteagudo Soto, había que traer o cadaleto os ombreiros e, o chegar ó sitio que chaman Samartiño (arriba de Saldoiro) o fillo do difunto, Avelino, a pesar de traer botas ata os xeonllos, espétouse de tal maneira nunha lameira que encheu as botas e despois non saía Avelino nin as botas, por estar co cadaleiro no ombreiro. E isto era no medio do verán.

Outras varias anécdotas podería contar.

Despois de coñecer o parecer de moitas persoas salín a falar con palistas. Todos andaban con precios aproximados sobre as mil pesetas hora. Volvín a Xubia cunha José Manuel Franco (Cheiván) xa que me informaron que era un bó palista. Pedínlle que tiña que rebaixar tan sequera cen pesetas hora; dúas mil. Contestoume que non podía, pero despois de pensalo un pouco díxome...bueno pois haber si aparecen máis pistas para abrir e si o facemos. Pistas fan falta moitas pero non che poido garantir as que se poidan facer.

Despois de falar un pouco díxome a ver si a finais da semana seguinte podría vir. E así o día 29 de Xullo empezouse unha Longra, esta dura tarefa das pistas que se foron abrindo para comunicar os distintos lugares da parroquia de Narahío -32 kilómetros- algúns de unha parroquia de Igrexa feita.

Si, dura tarefa -dixen- porque, canta paciencia hai que ter, canto aguante, canta loita, para que deixaran coller un trozo de terreo morto moitas veces como unha silveira, un balado ou un anaco de monte que lle multiplicaba o valor o resto. Pero isto por parte de algunhas persoas tan soio, senon estábamos apañados (Coma unha señora que me estivo agardando tres días e dúas noites có fouciño no monte, para non deixarnos pasar cando chegáramos alí). Todo se amañou.

Esta tarefa correspondía o Concello, pero despois de pedir-lles axuda e de presentarlles unha solicitude para algunha axuda económica, responderon dicindo "non temos cartos".

Por aqueles meses (ano70), falando con unha autoridade da Deputación Provincial díxome -sen que eu lle tocara estes temas- "O Concello de San Sadurniño debe de ser moi rico, porque outros nos apuran de peticións para calquer cousa e o de San Sadurniño nunca nos pide nada". Si pero depende da xente que hai en cada Concello porque en algúns o alcalde e secretario traballan e noutros están tan soio para cobrar impostos e un soldo. ¿Non e verdade?.

Bueno si .... o concelleiro que estivo representando a parroquia durante catorce anos algo fixo: entorpecer a apertura de algunhas pistas e koutros progresos parroquiais. Construir un cortello nunha

encrucillada de camiños, con cemento máis ou menos custoso, onte está amolando con cheiros pertilentos, a uns metros da igrexa, pero bueno en canto non chega a este recuncho iso que chaman Ecoloxismo e Medio Ambiente... non pasa nada. Abrá que aturalo cheirume e os atrancos de tractores nunha vía pública.

Despois de isto quero seguir facendo unha reseña de cada unha das obras que máis ou menos loita levaron a cabo:

Empezamos polas pistas vendo os problemas e a solución económica. Empezamos a dicir que se deu comenzo na Longra o día 29 de Xullo de 69, ata a ponte da Ferrería non houbo maiores problemas, despois si que foi costa enriba, seguíuse a pista ata a casa de Josefa da Pena (Josefa Cabezon). Eladio Fraga (o concelleiro por aquel enton) quería a toda costa que a pista fora todo polo camiño bello e meterse nun laberinto sen saída ó lado da casa de María Pita -entón- as tabernas etc.

A miña intención era que abriera por onde abreu, pero como había que partir as fincas parecíame a cousa un pouco difícil que nos deixaran pasar. Estivemos cinco días parados coa pista, entretanto a pala foi alá para a Vila. Falamos coa xente doa das terras, aturando caladiñamente, porque Eladio Fraga, enterado do proxecto que había de partir as fincas afirmou "que antes de que a pista pasara por aí había de perder canto tiña de home".

Na noite do 7 ó 8 de Agosto tivemos todos os permisos, e ás 7 da mañá do día 8 tivemos a pala abrindo este cacho. Pouco despois de comezar o citado concelleiro mándame tres homes para dicirme que por alí había unha tubería de auga e non se podía romper. Os que lle contestei que "si rompía xa se amaíaría. E según tronzando no millo diante da pala para que o aproveitaran para o gando; pois ninguén se presentou, mais ven ollaban ó lonxe.

Sobre as dez e media xa chegara tronzando o millo ata a esquina do cemiterio. Entón Eladio viuse hacia mín dicíndome "vostede quere arruinar, vostede quere arruinar .... ¿Por qué? Porque así a xente vaise por aí e non me ven a tenda". E por máis que quixen convenlelo con razoamentos.

Os dous días foi a feira do Dez na Mourela, e buscando que o Sr. Domingo Soto López -Domingo do Carrizo de Igresafeita- voveráse atrás co permiso que nos dera él e a súa familia para pasar pola finca, de tal xeito lle encheu a cabeza de insultos contra min - e si lle estragaba toda-la finca, si pasaba por onde me daba a gana, e outras cousas que xa non sei si a pena, si vergoña decilas -de tal xeito que naquela noite viñeron dous dos fillos do Sr. Domingo, cando xa estaba na cama, nun plan algún tanto amenazante, e contándome o que pasara. Entón collín unha lanterna e fun a demostrarlles como era mentira canto lle dixera o pobre de vello. E como se fixera o trazado exactamente como quedáramos.

Entón pedíromne perdón, e despois de contarme algo máis da historia liscaron. Entón pensei -fai falla ser mala persoa, non ter conciencia, sufrir certa paranopsis para chegar a estes extremos, e lembrar que era o concelleiro que tiñamos na parroquia ¿Onde está o servico do pobo? ¿Ou era Concelleiro para servirse a el?. Bueno tamén lembrei que esta postura podía ser razoable pola aposta que fixera có que tiña de home.

Tanto esta como moitas outras pistas non eran doadas de abrir sen usar dinamita. Ante este problema funme A Coruña, a Xefatura de Minas e espuxen a situación... Mandáronme a un Xestor de Explosivos, onde despois de contarlle a película cubrín uns papeis de solicitude, e a semana seguinte xa puíden ir pola primeira partida de dinamita. Non me permitían traer máis de dúas caixas, cada vez, no meu coche, có resto do material necesario. E para isto tiña que ir primeiro a xestoría polos papeis de visado, e logo o polvorín alá hacia o Carballo, e en fin de contas tiña que madrugara para chegar ás tres e media ou ás catro da tarde a casa, e así unha ou dúas veces a semana, así durante catro anos.

Tampouco era doado pagarlle a un dinamiteiro; e así despois das debidas instrucións metínme a facelo para evitar isos gastos.

Poido dicir que: nin por estos traballos, nin polos viaxes por dinamita, nin por un recibo que tiña que pagar anualmente por tenencia de explosivos, nin polas miles de horas que pasei nos camiños, pedín unha peseta a ninguén. E nalgún caso non cobreí a dinamita - como no camiño dos Paraños - porque parecéume unha necesidade.

Nos meses de Setembro de este ano, xuntamos os medios de transporte que atopamos - Soto, os Keitanos e o camiño do palista- e botámoslle unha capiña de pedra da canteira do Pico.

Despois de isto tiñamos que xuntar as 152.500 pesetas que nos custou os traballos de pala na apertura de esta pista dende a Longra o Eirexado, e aínda que xa lle pagáramos o palista pedindo os cartos nunha man particular, con Letras aceptadas a 60 días, tiñamos que pagar as Letras.

Recorremos unha parte da parroquia para xuntar, a duras penas, esta suma (acompañame Florentino Pita), e encontramos con xente de todo.